

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2014 pola que se anuncian os actos en conmemoración do Día das Letras Galegas.

En execución do seu plan de actividades para o ano 2014, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) anuncia a celebración dos actos en conmemoración do Día das Letras Galegas conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2014 ao poeta e tradutor lucense Xosé M^a Díaz Castro (1914-1990). A EGAP, como institución pública galega, súmase á homenaxe deste galego insigne organizando un acto literario, así como unha viaxe de interese cultural.

2. Destinatarios.

No acto literario poderá participar o persoal das administracións públicas e calquera outra persoa interesada. Á viaxe cultural terá acceso só o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 40 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal da Xunta de Galicia.

As dúas actividades organizadas son complementarias, estando condicionada a viaxe cultural á asistencia ao acto literario. Para a selección teranse en conta a data e a hora de entrada da solicitude no Rexistro Xeral da EGAP ou a data e a hora do fax, sempre de acordo coa preferencia sinalada no parágrafo anterior.

3. Desenvolvemento.

3.1. O día 15 de maio, ás 11.00 horas, no salón de actos da EGAP, o profesor Armando Requeixo Cuba pronunciará unha conferencia sobre a vida e obra de Xosé M^a Díaz Castro.

3.2. O día 17 de maio, terá lugar unha viaxe de interese cultural polos escenarios onde transcorreu unha boa parte da vida do autor agasallado. O programa e o percorrido poderanse consultar na páxina web da EGAP.

A visita será guiada polo historiador de arte e arqueólogo Felipe-Senén López Gómez.



4. Inscripción.

As solicitudes, segundo o modelo oficial que figura ao final desta convocatoria, irán dirixidas á directora da EGAP, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, e presentaranse no Rexistro Xeral da EGAP ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Admíranse tamén as inscricións por fax enviadas ao número 981 54 63 30.

As solicitudes deberán entrar no Rexistro da EGAP antes das 12.00 horas do día 14 de maio.

5. Información sobre a selección.

A listaxe de persoas seleccionadas poderase consultar na páxina web de EGAP, así como nos teléfonos 881 99 72 51/981 54 62 41/981 54 62 39 do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da escola, que atenderán calquera outra petición de información.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública



FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE			
Apelidos	Nome	DNI	
Enderezo particular	Código postal	Concello	Teléfono

2. DATOS PROFESIONAIS		
Posto de traballo	Corpo ou escala ⁽¹⁾	Nivel ⁽²⁾
Entidade na que presta servizos		
Enderezo do posto de traballo	Código postal	Concello
Teléfono	Fax	Enderezo electrónico

3. ACTIVIDADE SOLICITADA
Solicito: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Asistir á conferencia o día 15 de maio de 2014 na EGAP. <input type="checkbox"/> Participar na viaxe cultural o día 17 de maio. <p style="text-align: center;">Sinatura</p> <p style="text-align: center;">_____, ____ de maio de 2014</p>

(1) | (2) Cubrir soamente no caso de ser funcionario

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro), infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade de xestionar este procedemento. Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante a presentación dun escrito dirixido a este mesmo centro, como responsable do ficheiro.

Directora da Escola Galega de Administración Pública

